

BERNARDINO

por Xosé Vázquez Pintor

OUH, amigo, *erte hoxe de mañá* cediño e baixa a Costa do Cuco cara a Illa dos Ratos, espido, coas frutas que non tocan, a camiñar o mar de Cangas, que é o teu, o Noso, parte de todos. Entra vagaroso nas ondas e ven avante en roda pola praia de Rodeira ata o *muelle da Guapa* onde estarán de volta os teus soños infantís a navegar co vaporeto da memoria máis atractiva desta vila de encantos.



vai cadrar perfectamente nese alfoz do Forte, mariñeiro, paralelo ao Celso Emilio, Rosalía, Curros, Pondal.

En grande compañía. Sentirás que os vellos amigos que alzaban contigo a *chiquita* namentras o gato solfataba de instintos o antigo bar, a tasca, están felices desde aquela outra anda dos océanos, porque saben ser agradecidos. Non hai nomes singulares, hai xente do mar que honra o seu poeta floreado de neves, cos anteollos das distancias e o corpo exacto para voar toda a mañá e toda a tarde noite, pola Ría.

E nós contigo.

(Publicado en “San Cristovo 96”. Xullo 1996. Cangas)

Sabes, Bernardino, celebrou que a Asociación de Escritores en Lingua Galega, teña este ano para ti o seu destino maior: esa letra E, que conleva unha árbore, uns versos, a palabra, as gracias, os amigos, a profecía. E celebrou esta decisión unánime porque téñote ao pé, ao carón, véxote a miúdo e podo falar contigo desas cousas que nos afincan as raíces: es o meu escritor inmediato na distancia física, un viviño ilustre que vai de calquera cousa, sen fachendas, pero co orgullo de sermos loucos de por vida neste espacio magnético que é Galicia. Onte *mireite* pasar pola alameda nova. A testa e o queixo brancos, camiño dalgún lugar onde pousares *des minutos, meu amigo* a conversar cos mareantes que te levan en posesión.

De hoxe en diante vas ter un anaco de mar entrando cara os homes dos que foches profeta. O teu nome



HOMENAXE A

Bernardino Graña

O pasado oito de Xuño de 1996, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, outorgaba a E de escritor, máxime galardón desta entidade, a Bernardino Graña, homenaxe que conlevou a prantación dun loureiro e colocación dun monolito nos Xardíns do Señal, así como dunha placa que da o seu nome a unha rúa na beira da Casa da Cultura.

Bernardino Graña, é autor dunha dilatada obra en poesía, teatro ou mesmamente literatura infantil. Entre as súas publicacións reseñamos:

- Poemas do home que quixo vivir - 1958
- Profecía do mar - 1966
- Non vexo Vigo nin Cangas - 1975
- Se o noso amor e os peixes - 1980
- Sima-Cima do voar do lobo - 1984
- Himno Verde - 1992
- Os burros que comen ouro
- 20.000 pesos crime
- O león e o paxaro revelde
- Fins do mundo



Pintura de C. Camaño Xestido



(Publicado en "San Cristovo 96". Xullo 1996. Cangas)